MARIÑAS CORUÑESAS ★ RESERVA DE BIOSFERA

unesco
Programa sobre el Hombre y la Biosfera

# Guía de Excelencia Ecoturismo na Reserva

# Guía de Excelencia
# Ecoturismo na Reserva

MARIÑAS CORUÑESAS Reserva de Biosfera · Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos · Deputación da Coruña · Xunta de Galicia · galicia



# Saúdo do Presidente

MARIÑAS CORUÑESAS · RESERVA DE BIOSFERA

.gal En primeiro lugar, quero agradecer enormemente o teu interese por ler esta Guía e afondar no coñecemento sobre o noso Destino, unha área recoñecida internacionalmente pola UNESCO como Reserva de Biosfera, que trata de innovar desde a tradición, co produto local de calidade como un dos elementos centrais das nosas experiencias de ecoturismo certificadas.

Aínda que o proxecto de crear unha Guía de Excelencia para dar a coñecer o Ecoturismo nas Mariñas Coruñesas lévase traballando desde hai un tempo, non foi ata este ano 2024 cando decidimos poñelo en marcha, conscientes da gran evolución que este territorio experimentou da man do seu sector turístico local, que a día de hoxe supera as 100 empresas certificadas na Marca de Calidade de Mariñas Coruñesas.

A idea naceu cunha premisa moi simple: recopilar nun único libro a información de referencia para practicar o Ecoturismo nesta Reserva de Biosfera, o Primeiro Destino de Ecoturismo certificado de Galicia. Un espazo declarado Reserva de Biosfera pola UNESCO que ofrece unha rica biodiversidade, paisaxes variados e unha forte conexión coa cultura, o patrimonio, a gastronomía e a etnografía local. Nesta publicación poderás encontrar todo o que necesitas para gozar do ecoturismo no noso territorio: desde visitar as zonas núcleo das Mariñas Coruñesas realizando actividades como sendeirismo, observación de aves, de estrelas (como Destino Turístico Starlight), actividades acuáticas ou turismo rural... en definitiva, un modelo turístico que trataremos de que avance hacia a neutralidade en carbono, que respecte o noso patrimonio e xenere un desenvolvemento socioeconómico harmónico dos nosos dezasete concellos.

Tamén me gustaría que esta Guía servira para poñer en valor a todas esas persoas que a nivel local traballan a prol do ecoturismo no territorio, e que son uns auténticos embaixadores dos valores desta Reserva de Biosfera. Unhas empresas certificadas que cumpren estrictamente con criterios de sostibilidade e respecto polo medio ambiente e ofrecen unha variedade de servizos turísticos, maridado con excelentes produtos locais dos nosos produtores e produtoras.

Quero aproveitar a ocasión para agradecer o gran traballo de todos eles, esas persoas que buscan ser innovadoras no seu día a día poñendo en valor a nosa cultura e patrimonio, empresas certificadas na Marca de Calidade da Reserva de Biosfera, un grupo de persoas comprometidas co territorio, co bo facer e a responsabilidade social. E por suposto, agradecer o apoio e confianza de todos os axentes socioeconómicos desta área, a confianza da nosa Xunta Directiva, aos nosos dezasete Concellos, Xunta de Galicia, Deputación da Coruña, Club de Ecoturismo de España, Fundación Starlight, colectivos e asociacións públicas e privadas que apoian a esta Reserva de Biosfera. Grazas polo voso apoio, entre todos e todas estamos conseguindo que Mariñas Coruñesas sexa un instrumento de gobernanza útil e constitúa un auténtico laboratorio de desenvolvemento sostible no territorio, do que xa somos un referente mundial en diversos ámbitos.

A Guía de Ecoturismo da Reserva de Biosfera poñerá en valor As Mariñas Coruñesas como referente do Ecoturismo, no que os protagonistas serán todos os profesionais do turismo da nosa bisbarra.

Agardando que esta Guía de Ecoturismo sexa do voso interese, recibide un agarimoso saúdo,

José Antonio Santiso Miramontes

PRESIDENTE DO CONSELLO DE DIRECCIÓN · RESERVA DE BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS

# Saludo del Presidente

MARIÑAS CORUÑESAS · RESERVA DE BIOSFERA

.es En primer lugar, quiero agradecer enormemente tu interés por leer esta Guía y ahondar en el conocimiento sobre nuestro Destino, un área reconocida internacionalmente por la UNESCO como Reserva de Biosfera, que trata de innovar desde la tradición, con el producto local de calidad como uno de los elementos centrales de nuestras experiencias de ecoturismo certificadas.

Aunque el proyecto de crear una Guía de Excelencia para dar a conocer el Ecoturismo en las Marinas Coruñesas se lleva trabajando desde hace un tiempo, no fue hasta este año 2024 cuando decidimos ponerlo en marcha, conscientes de la gran evolución que este territorio experimentó de la mano de su sector turístico local, que a día de hoy supera las 100 empresas certificadas en la Marca de Calidad de Mariñas Coruñesas.

La idea nació con una premisa muy simple: recopilar en un único libro la información de referencia para practicar el Ecoturismo en esta Reserva de Biosfera, el primer Destino de Ecoturismo certificado de Galicia. Un espacio declarado Reserva de Biosfera por la UNESCO que ofrece una rica biodiversidad, paisajes variados y una fuerte conexión con la cultura, el patrimonio, la gastronomía y la etnografía local. En esta publicación podrás encontrar todo lo que necesitas para disfrutar del ecoturismo en nuestro territorio: desde visitar las zonas núcleo de las Mariñas Coruñesas realizando actividades como senderismo, observación de aves, de estrellas (como Destino Turístico Starlight), actividades acuáticas o turismo rural... en definitiva, un modelo turístico que trataremos de que avance hacia la neutralidad en carbono, que respete nuestro patrimonio y genere un desarrollo socioeconómico armónico de nuestros diecisiete ayuntamientos.

También me gustaría que esta Guía sirviera para poner en valor a todas esas personas que a nivel local trabajan a favor del ecoturismo en el territorio, y que son unos auténticos embajadores de los valores de esta Reserva de Biosfera. Unas empresas certificadas que cumplen estrictamente con criterios de sostenibilidad y respeto por el medioambiente y ofrecen una variedad de servicios turísticos, maridado con excelentes productos locales de nuestros productores y productoras.

Quiero aprovechar la ocasión para agradecer el gran trabajo de todos ellos, esas personas que buscan ser innovadoras en su día a día poniendo en valor nuestra cultura y patrimonio, empresas certificadas en la Marca de Calidad de la Reserva de Biosfera, un grupo de personas comprometidas con el territorio, con el buen hacer y la responsabilidad social. Y por supuesto, agradecer el apoyo y confianza de todos los agentes socioeconómicos de esta área, a la confianza de nuestra Junta Directiva, a nuestros diecisiete Ayuntamientos, Xunta de Galicia, Diputación de A Coruña, Club de Ecoturismo de España, Fundación Starlight, colectivos y asociaciones públicas y privadas que apoyan a esta Reserva de Biosfera. Gracias por vuestro apoyo, entre todos y todas estamos consiguiendo que Mariñas Coruñesas sea un instrumento de gobernanza útil y constituya un auténtico laboratorio de desarrollo sostenible en el territorio, del que ya somos un referente mundial en diversos ámbitos.

La Guía de Ecoturismo de la Reserva de Biosfera pondrá en valor As Mariñas Coruñesas como referente del Ecoturismo, en el que los protagonistas serán todos los profesionales del turismo de nuestra comarca.

Esperando que esta Guía de Ecoturismo sea de vuestro interés, recibid un cariñoso saludo,

**José Antonio Santiso Miramontes**

**PRESIDENTE DEL CONSEJO DE DIRECCIÓN · RESERVA DE BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS**








.19




55.




85.




101.

*Saúdo do Presidente...* 5
SALUDO DEL PRESIDENTE

*Mariñas Coruñesas no mundo...* 10
MARIÑAS CORUÑESAS EN EL MUNDO

*Mapa do territorio...* 12
MAPA DEL TERRITORIO

*Ecoturismo certificado...* 14
ECOTURISMO CERTIFICADO

*Concellos da Biosfera...* 19
AYUNTAMIENTOS DE LA BIOSFERA

*Experiencias da Biosfera...* 55
EXPERIENCIAS DE LA BIOSFERA

*Empresas da Biosfera...* 85
EMPRESAS DE LA BIOSFERA

*Rutas da Biosfera...* 101
RUTAS DE LA BIOSFERA

*Plan de Sostibilidade Turística...* 131
PLAN DE SOSTENIBILIDAD TURÍSTICA

# Mariñas Coruñesas...






.gal Se chegas en avión ao Aeroporto da Coruña, realmente aterras na nosa Reserva, porque o aeroporto está en Culleredo.

.es Si llegas en avión al Aeropuerto de A Coruña, realmente aterrizas en nuestra Reserva, porque el aeropuerto está en Culleredo.

.gal Se chegas en tren, podes chegar ao final, á estación da Coruña, pero tamén, quizais, poidas apearte nunha das dúas estacións que ten Betanzos. Unha viaxe en tren de 15 min. desde Betanzos a Miño, sendo unha interesante opción para contemplar a Ría de Betanzos.

.es Si llegas en tren, puedes llegar al final, a la estación de A Coruña, pero también, quizás, puedas apearte en una de las dos estaciones que tiene Betanzos. Un viaje en tren de 15 min. desde Betanzos a Miño siendo una interesante opción para contemplar la Ría de Betanzos.

**renfe.com**

.gal Desde A Coruña saen autobuses para distintos destinos do noso territorio "Reserva". E se vés en transporte público desde outros puntos de España, é moi probable que poidas baixar do bus en Betanzos.

.es Desde A Coruña salen autobuses para distintos destinos de nuestro territorio "Reserva". Y si vienes en transporte público desde otros puntos de España, es muy probable que puedas bajar del bus en Betanzos.

**bus.gal**
**alsa.es**
**arriva.es**
**alsacalpita.es**

.gal Se vés no teu coche é moi probable que chegues pola N-VI, que atravesa varios concellos da Reserva. Tamén tes que saber que estamos moi, moi preto da Coruña e Santiago.

.es Si vienes en tu coche es muy probable que llegues por la N-VI, que atraviesa varios ayuntamientos de la Reserva. También tienes que saber que estamos muy, muy cerca de A Coruña y Santiago.

.gal Se che gusta camiñar, saberás que polo noso territoro hai varias etapas do Camiño Inglés e o Camiño do Norte. Se decidiches facer o Camiño, planifícao para coñecer e saborear o noso territorio.

.es Si te gusta caminar, sabrás que por nuestro territoro hay varias etapas del Camino Inglés y el Camino del Norte. Si has decidido hacer el Camino, planifícalo para conocer y saborear nuestro territorio.



# ...no mundo!



## A nosa Reserva no teu mundo

MARIÑAS CORUÑESAS · A CORUÑA · GALICIA · ESPAÑA · EUROPA

.gal A **Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas** está situada no noroeste da península ibérica, na provincia galega da Coruña. O territorio é a suma de dezasete concellos que, no mapa, bordean á cidade da Coruña.

As concas dos ríos Mandeo, Mendo e Mero, a Ría do Burgo e o estuario coñecido como Ría de Betanzos e o Golfo Ártabro, bañado polas augas do Océano Atlántico, definen a forma de vida da nosa Reserva onde todo xira ao redor da auga.

Aquí poderás vivir experiencias salgadas como o noso mar e doces como as nosas xentes. Benvidos á nosa terra, benvidos ao noso mar. Gózaa.

.es La **Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas** está situada en el noroeste de la península ibérica, en la provincia gallega de A Coruña. El territorio es la suma de diecisiete ayuntamientos que, en el mapa, bordean a la ciudad de A Coruña.

Las cuencas de los ríos Mandeo, Mendo y Mero, la Ría del Burgo y el estuario conocido como Ría de Betanzos y el Golfo Ártabro, bañado por las aguas del Océano Atlántico, definen la forma de vida de nuestra Reserva donde todo gira alrededor del agua.

Aquí podrás vivir experiencias saladas como nuestro mar y dulces como nuestras gentes. Bienvenidos a nuestra tierra, bienvenidos a nuestro mar. Disfrútala.






# Somos Biosfera!

.gal Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas está formada por 17 concellos: Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza- Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado.

.es Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas está formada por 17 ayuntamientos: Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza- Cesuras, Paderne, Sada y Sobrado.




MARIÑAS CORUÑESAS Reserva de Biosfera unesco · Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos · Deputación DA CORUÑA · XUNTA DE GALICIA · galicia · Soy ecoturista · Compromiso de Calidad Turística · Reservas de la Biosfera Españolas

# Auténtico ecoturismo...



.gal Con esta Marca recoñecerás aos restaurantes, aloxamentos, produtores e empresas turísticas da nosa Reserva.

.es Con esta Marca reconocerás a los restaurantes, alojamientos, productores y empresas turísticas de nuestra Reserva.



**.gal Mariñas Coruñesas foi declarada Reserva de Biosfera pola UNESCO en maio de 2013**

As Reservas de Biosfera son espazos para o desenvolvemento sostible, onde se traballa polo mantemento da biodiversidade e da diversidade cultural, onde se procura un desenvolvemento social e económico respectuoso co medio, experimentamos para conseguir un bo uso dos recursos naturais, culturais e sociais e fomentamos a participación dos cidadáns, a formación e a educación.

**.es Mariñas Coruñesas fue declarada Reserva de Biosfera por la UNESCO en mayo de 2013**

Las Reservas de Biosfera son espacios para el desarrollo sostenible, donde se trabaja por el mantenimiento de la biodiversidad y de la diversidad cultural, donde se procura un desarrollo social y económico respetuoso con el medio, experimentamos para conseguir un buen uso de los recursos naturales, culturales y sociales y fomentamos la participación de los ciudadanos, la formación y la educación.

**.gal Nosa Reserva de Biosfera é o Primeiro Destino de Ecoturismo Certificado de Galicia**

A certificación "Soy Ecoturista" agrupa destinos e empresas que ofrecen experiencias de ecoturismo en territorios con espazos protexidos: Reservas da Biosfera Española, Parques Nacionais, Parques Naturais, Xeoparques, Espazos Rede Natura 2000 etc. Ademais, cumpren unha serie de requisitos ambientais e sociais que garanten ao viaxeiro a súa contribución á conservación da biodiversidade e ao desenvolvemento local dos espazos que visita, característica fundamental do ecoturismo.

**.es Nuestra Reserva de Biosfera es el Primer Destino de Ecoturismo Certificado de Galicia**

La certificación Soy Ecoturista agrupa destinos y empresas que ofrecen experiencias de ecoturismo en territorios con espacios protegidos: Reservas de la Biosfera Española, Parques Nacionales, Parques Naturales, Geoparques, Espacios Red Natura 2000, etc. Además, cumplen una serie de requisitos ambientales y sociales que garantizan al viajero su contribución a la conservación de biodiversidad y al desarrollo local de los espacios que visita, característica fundamental del ecoturismo.



# ...certificado desde 2020





**.gal As empresas turísticas da nosa Reserva teñen o compromiso de calidade recoñecido polo SICTED**

O distintivo **Compromiso de Calidade Turística** é unha acreditación bianual que recoñece o compromiso coa calidade e a mellora continua dun servizo turístico.

SICTED está promovido pola Secretaría de Estado de Turismo (SETUR), co apoio da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

**.es Las empresas turísticas de nuestra Reserva tienen el compromiso de calidad reconocido por el SICTED**

El distintivo **Compromiso de Calidad Turística** es una acreditación bianual que reconoce el compromiso con la calidad y la mejora continua de un servicio turístico.

SICTED está promovido por la Secretaría de Estado de Turismo (SETUR), con el apoyo de la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP).

**.gal Mariñas Coruñesas pertence á Rede de Reservas de Biosfera Españolas**

A Rede Española de Reservas de Biosfera está integrada polo conxunto das Reservas da Biosfera Españolas designadas pola UNESCO.

Mariñas Coruñesas atópase no grupo de Reservas que teñen a auga como protagonista; as Reservas da Biosfera con abundancia de auga ofrecen paisaxes naturais e culturais de gran beleza e valor.

**.es Mariñas Coruñesas pertenece a la Red de Reservas de Biosfera Españolas**

La Red Española de Reservas de Biosfera está integrada por el conjunto de las Reservas de la Biosfera Españolas designadas por la UNESCO.

Mariñas Coruñesas se encuentra en el grupo de Reservas que tienen el agua como protagonista; las Reservas de la Biosfera con abundancia de agua ofrecen paisajes naturales y culturales de gran belleza y valor.

# Destino Starlight

MARIÑAS CORUÑESAS · RESERVA DE BIOSFERA



.gal Desde o ano 2023, Mariñas Coruñesas é **Destino Starlight** certificado pola Fundación Starlight, dependente do Instituto Astrofísico de Canarias. Este selo acredita aqueles espazos que posúen unha excelente calidade do ceo e que representan un exemplo de protección e conservación.

A Certificación Starlight xunta ciencia e turismo, utilizando a astronomía e a visión do firmamento como ferramenta para un turismo sostible.

## Estrelas da Biosfera

Empresas turísticas da nosa Reserva, certificadas co selo Starlight, recollen numerosas opcións para contemplar o firmamento en lugares de especial beleza, de gran valor natural, etnográfico e cultural, que nos permite combinar a observación dos ceos coa degustación de menús elaborados con produtos locais e de tempada realizados polos **Restaurantes da Biosfera**, quedar nalgún dos **Aloxamentos da Biosfera** ou realizar algún roteiro ou experiencia de ecoturismo certificada.

# ... desde 2023

ECOTURISMO NA RESERVA · GUÍA DE EXCELENCIA



.es Desde el año 2023, Mariñas Coruñesas es **Destino Starlight** certificado por la Fundación Starlight, dependiente del Instituto Astrofísico de Canarias. Este sello acredita aquellos espacios que poseen una excelente calidad de cielo y que representan un ejemplo de protección y conservación.

La Certificación Starlight aúna ciencia y turismo, utilizando la astronomía y la visión del firmamento como herramienta para un turismo sostenible.

Empresas turísticas de nuestra Reserva, certificadas con el sello Starlight, recogen numerosas opciones para contemplar el firmamento en lugares de especial belleza, de gran valor natural, etnográfico y cultural, que nos permite combinar la observación de los cielos con la degustación de menús elaborados con productos locales y de temporada realizados por los **Restaurantes de la Biosfera**, quedar en alguno de los **Alojamientos de la Biosfera** o realizar alguna ruta o experiencia de ecoturismo certificada.




Os puntos de información da Reserva dispoñen de folletos Starlight.

Los puntos de información de la Reserva disponen de folletos Starlight.



Abegondo... 20
Aranga... 22
Arteixo... 24
Bergondo... 26
Betanzos... 28
Cambre... 30
Carral... 32
Coirós... 34
Culleredo... 36
Curtis... 38
Irixoa... 40
Miño... 42
Oleiros... 44
Oza-Cesuras... 46
Paderne... 48
Sada... 50
Sobrado... 52




... monumentos de Interese Artístico Nacional, espazos naturais de interese comunitario que forman parte da Rede Natura 2000, un Monumento Natural e moitos máis tesouros nos concellos da Biosfera.

## ...ver e descubrir!

...monumentos de Interés Artístico Nacional, espacios naturales de interés comunitario que forman parte de la Red Natura 2000, un Monumento Natural y muchos más tesoros en los ayuntamientos de la Biosfera.





INFO
abegondo.gal
981 647 909

# Abegondo
## sons da natureza

IMPRESCINDIBLES

- Encoro Abegondo-Cecebre
- Encoro de Beche
- Ponte de Beldoña
- Casa de Felipe II
- Cruceiros Bonitos
- Observatorio de aves de Crendes
- Camiño de Santiago

EXPERIENCIAS

- Ecotour Cervexeiro - auga e lúpulo da Biosfera
- Ruta Bosque Animado

.gal Abegondo, terra entre ríos, Mero, Barcés e Gobia. O seu nome vén do Visigodo, Abe=auga e gondo=terra. Está enmarcado dentro da comarca natural de "As Mariñas dos Frades" (Culleredo, Cambre e Abegondo), no que a existencia de varios pazos e castros indica a relevancia que tivo ao longo da historia, destacando o Castro de Meangos, no que se atopa a igrexa de Santiago de Meangos.

Abegondo ten un rico patrimonio arquitectónico: as súas terras acollen construcións sobranceiras como as Torres de San Tirso de Mabegondo, ou a casa onde estivo Felipe II, (situada en Sarandós), fillo de Carlos V, de camiño a Coruña, onde embarcaría cara a Inglaterra para casar con María Tudor.

Por Abegondo pasa o camiño inglés a Compostela, a auga branda dos nosos encoros e o lúpulo que rube desde a nosa terra dan lugar á mellor das cervexas.







.es Abegondo, tierra entre ríos, Mero, Barcés y Gobia. Su nombre viene del Visigodo, Abe=agua y gondo=tierra. Está enmarcado dentro de la comarca natural de "As Mariñas de los Frades" (Culleredo, Cambre y Abegondo), en el que la existencia de varios pazos y castros indica la relevancia que tuvo a lo largo de la historia, destacando el Castro de Meangos, en el que se encuentra la iglesia de Santiago de Meangos.

Abegondo tiene un rico patrimonio arquitectónico: sus tierras acogen construcciones singulares como las torres de San Tirso de Mabegondo, o la casa donde estuvo Felipe II (situada en Sarandós), hijo de Carlos V, de camino a Coruña, donde embarcaría hacia Inglaterra para contraer matrimonio con María Tudor.

Por Abegondo pasa el camino inglés a Compostela, el agua blanda de nuestros embalses y el lúpulo que trepa desde nuestra tierra dan lugar a la mejor de las cervezas.

IMPRESCINDIBLES

- Embalse Abegondo-Cecebre
- Embalse de Beche
- Puente de Beldoña
- Casa de Felipe II
- Cruceros Bonitos
- Observatorio de aves de Crendes
- Camino de Santiago

EXPERIENCIAS

- Ecotour Cervecero - agua y lúpulo de la Biosfera
- Ruta Bosque Animado





INFO
aranga.es
correo@aranga.gal
981 793 551

# Aranga
## patrimonio natural

IMPRESCINDIBLES

- Ponte de Aranga
- Ruta do Val de Cambás
- Mirador de Vieiro
- Igrexa Barroca de San Paio
- Fonte da Santa Cruz
- Fervenzas no río Cambás

.gal Aranga destaca polo seu patrimonio material. Especialmente relevante a Ponte de Aranga situada sobre o Río Mandeo que lle dá nome ao lugar. Ademais, localízanse dous dos referentes relixiosos e culturais más importantes do territorio. Trátase de San Paio de Aranga (Barroco) e a coñecida como a Fonte da Santa Cruz que segundo conta a tradición popular as súas augas escorrentan insectos e alimañas polo que antes das sembras rociábanse os campos coa súa auga para obter boas colleitas. Tamén, segundo conta a lenda popular, fai sanar ás persoas e ao gando.

Asemade, destaca o patrimonio natural de Aranga. Unha paisaxe dinámica marcada pola existencia de serras e vales, planicies e montañas. O Río Mandeo que pasa polo concello resalta pola súa biodiversidade, representatividade e riqueza do seu hábitat, polo que se encadra dentro da ZEC (Zona de Especial Conservación) Betanzos-Mandeo da Rede Natura 2000.







.es Aranga destaca por su patrimonio material. Especialmente destacable el Puente de Aranga ubicado sobre el Río Mandeo que le da nombre al lugar. Además, se localizan dos de los referentes religiosos y culturales más importantes del territorio. Se trata de San Paio de Aranga (Barroco) y la conocida como la Fuente de la Santa Cruz que según cuenta la tradición popular sus aguas ahuyentan insectos y alimañas por lo que antes de las siembras se rociaban los campos con su agua para obtener buenas cosechas. También, según cuenta la leyenda popular, hace sanar a las personas y al ganado.

Además, destaca el patrimonio natural de Aranga. Un paisaje dinámico marcado por la existencia de sierras y valles, planicies y montañas. El Río Mandeo que pasa por el ayuntamiento resalta por su biodiversidad, representatividad y riqueza de su hábitat, por lo que se encuadra dentro del ZEC (Zona de Especial Conservación) Betanzos-Mandeo de la Red Natura 2000.

IMPRESCINDIBLES

- Puente de Aranga
- Ruta del Valle de Cambás
- Mirador de Vieiro
- Iglesia barroca de San Paio
- Fuente de la Santa Cruz
- Cascadas del río Cambás






INFO
arteixo.org
turismo@arteixo.org
676 181 204

# Arteixo
## o mar das ondas

IMPRESCINDIBLES

- Senda azul
- Praia de Barañán
- Praia das Combouzas
- Praia de Valcovo
- Praia da Hucha
- Praia da Salsa-Repibelo
- Praia de Alba-Sabón
- Praia Area Grande de Suevos
- Museo do Mar de Sorrizo
- Ponte dos Brozos
- Santuario de Pastoriza
- Xacementos arqueolóxicos
- Rutas Ornitolóxicas e Xeolóxicas
- Fraga de Sisalde
- Monumento ao "voyeur"
- Val de Loureda

.gal Arteixo é a capital industrial da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas. A principal firma de moda galega, entre outras, o xornal máis importante de Galicia e outras industrias, ou o porto exterior da Coruña teñen a súa sede neste concello.

Aquí nace a coñecida Costa da Morte, que chega ata Fisterra. O Paseo marítimo Arteixo- Barrañán, coñecido como Senda Azul, percorre a nosa costa desde o areal de Sabón ata o areal de Barrañán, conectando 7 das 9 praias do municipio. Con sorte pódense avistar as aves ou os cetáceos que pescan por estas augas do océano Atlántico.

O museo do mar de Sorrizo, o balneario, a súa arquirectura relixiosa, os xacementos arqueolóxicos e a súa natureza de interior son moitas das experiencias que se poden gozar en Arteixo.







.es Arteixo es la capital industrial de la Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas. La principal firma de moda gallega, entre otras, el periódico más importante de Galicia y otras industrias, o el puerto exterior de A Coruña tienen su sede en este ayuntamiento.

Aquí nace la conocida Costa da Morte, que llega hasta Finisterre. El Paseo marítimo Arteixo- Barrañán, conocido como Senda Azul, recorre nuestra costa desde el arenal de Sabón hasta el arenal de Barrañán, conectando 7 de las 9 playas del municipio. Con suerte se pueden avistar las aves o los cetáceos que pescan por estas aguas del océano Atlántico.

El museo del mar de Sorrizo, el balneario, su arquirectura religiosa, los yacimientos arquológicos y su naturaleza de interior son muchas de las experiencias que se pueden disfrutar en Arteixo.

IMPRESCINDIBLES

- Senda azul
- Playa de Barañán
- Playa de As Combouzas
- Playa de Valcovo
- Playa de A Hucha
- Playa de La Salsa-Repibelo
- Playa de Alba-Sabón
- Playa Area Grande de Suevos
- Museo do Mar de Sorrizo
- Puente de los Brozos
- Santuario de Pastoriza
- Yacimientos arqueológicos
- Rutas Ornitológicas y Geológicas
- Bosque de Sisalde
- Monumento al "voyeur"
- Valle de Loureda






INFO
bergondo.gal
981 79 12 52

# Bergondo
## o estuario da biosfera

IMPRESCINDIBLES

- Pazo de Mariñán
- Mosteiro de San Salvador
- Ponte do Pedrido coa súa Onda Longa
- Ruta do río Callou
- Rutas ornitolóxicas e o observatorio de aves de Mariñán
- Praia de Gandarío
- Praia de Moruxo
- Praia do Regueiro
- Praia da Cabana

EXPERIENCIAS

- Onda do Pedrido
- Visita guiada polo Pazo de Mariñán e o seu observatorio Ornitolóxico

.gal Bergondo é o concello máis occidental das Mariñas. Un dos seus puntos de interese turístico máis destacable son as súas magníficas praias entre as que destaca a praia de Gandarío na que poden practicarse diversas actividades deportivas.

De igual maneira, tamén destaca polo seu marabilloso patrimonio onde resalta o Pazo de Mariñán, todo un símbolo da arquitectura civil de toda a comarca, e os mellores xardíns con vista á ría. Así mesmo, en Bergondo atópanse as fábricas de xoias máis relevantes de Galicia con gran prestixio a nivel nacional e internacional, debido a que xa desde o século XVII Bergondo posúe fama de ter prodixiosos xoieiros e prateiros.

Un dos símbolos da nosa paisaxe é a estampa que debuxa a ponte do Pedrido (1942) sobre a Ría de Betanzos. Preto da ponte, onde o río Mandeo atópase co mar, fórmase a bautizada como "Onda Longa", a onda máis longa de Galicia.







.es Bergondo es el ayuntamiento más occidental de Las Mariñas. Uno de sus puntos de interés turístico más destacable son sus magníficas playas entre las que destaca la playa de Gandarío en la que pueden practicarse diversas actividades deportivas.

De igual manera, también destaca por su maravilloso patrimonio dónde resalta el Pazo de Mariñán, todo un símbolo de la arquitectura civil de toda la comarca y los mejores jardines con vistas a la ría. Así mismo, en Bergondo se encuentran las fábricas de joyas más relevantes de Galicia con gran prestigio a nivel nacional e internacional, puesto que ya desde el siglo XVII Bergondo posee fama de tener prodigiosos joyeros y plateros.

Uno de los símbolos de nuestro paisaje es la estampa que dibuja el puente del Pedrido (1942) sobre la Ría de Betanzos. Cerca del puente, donde el río Mandeo se encuentra con el mar, se forma la bautizada como "Onda Longa", la ola más larga de Galicia.

IMPRESCINDIBLES

- Pazo de Mariñán
- Monasterio de Bergondo
- Puente del Pedrido con su "Onda Longa"
- Ruta del río Callou
- Rutas ornitológicas y el observatorio de aves de Mariñán
- Playa de Gandarío
- Playa de Moruxo
- Playa de O Regueiro
- Playa de A Cabana

EXPERIENCIAS

- Onda do Pedrido
- Visita guiada por el Pazo de Mariñán y su Observatorio Ornitológico.






# Betanzos
## é moita historia

INFO
turismo.betanzos.gal
turismo@betanzos.gal
981 77 66 66 · 638 543 169

IMPRESCINDIBLES

- Xardín Enciclopédico do Pasatempo
- Museo das Mariñas
- CIEC (Centro Int. de Estampa Contemporánea)
- Igrexa de San Francisco, Igrexa Santa María do Azougue, Igrexa de Santiago e Pazo de Lanzós
- Praza dos Irmáns García Naveira e Modernismo
- Calexas do Campo
- Tortilla de Betanzos

EXPERIENCIAS

- Betanzos dos Pecados Capitais
- Catamarán Eléctrico Reserva de Biosfera
- Ruta Agroalimentaria das Mariñas
- Descenso/Ascenso Río Mandeo en caiac
- Ruta Río Pelamios
- Experiencias Inmersivas de la Biosfera

.gal Betanzos é unha das cidades medievais máis importantes de Galicia, proba diso é que foi capital do Reino de Galicia e unha das sete antigas provincias. Por ende, o Casco histórico foi declarado conxunto-histórico artístico en 1970.

A cidade conta cun abundante patrimonio que reflicte a súa rica e variada historia, así como tres ríos que bañan o seu territorio: Mandeo, Mendo e Mero, que xunto á Ría de Betanzos conforman unha paisaxe digna de coñecer.

Festas, tradicións e gastronomía fan que calquera visita a Betanzos sexa sempre algo diferente. Ademais de pasear e descubrir todo o patrimonio cultural e natural que ten Betanzos, a hospitalidade da súa xente deixará unha agradable pegada nos visitantes.

Betanzos é historia, monumentalidade e tradición, mais tamén está viva; convida a descubrir cada un dos seus recunchos, a pasear con calma, a coñecer os seus costumes na capital do Gótico Galego.







.es Betanzos es una de las ciudades medievales más importantes de Galicia, prueba de eso es que fue capital del Reino de Galicia y una de las siete antiguas provincias. Por ende, el Casco histórico fue declarado conjunto-histórico artístico en 1970.

La ciudad cuenta con un abundante patrimonio que refleja su rica y variada historia, así como tres ríos que bañan su territorio: Mandeo, Mendo y Mero, que junto a la Ría de Betanzos conforman un paisaje digno de conocer.

Fiestas, tradiciones y gastronomía hacen que cualquier visita a Betanzos sea siempre algo diferente. Además de pasear y descubrir todo el patrimonio cultural y natural que tiene Betanzos, la hospitalidad de su gente dejará una agradable huella en los visitantes.

Betanzos es historia, monumentalidad y tradición, pero también está viva; invita a descubrir cada uno de sus rincones, a pasear con calma, a conocer sus costumbres en la capital del Gótico Gallego.

IMPRESCINDIBLES

- Jardín Enciclopédico del Pasatiempo
- Museo das Mariñas
- CIEC (Centro Int. de Estampa Contemporánea)
- Iglesia de San Francisco, Iglesia Santa María de Azogue, Iglesia de Santiago y Pazo de Lanzós
- Plaza de los Hermanos García Naveira y Modernismo
- Callejas del Campo
- Tortilla de Betanzos

EXPERIENCIAS

- Betanzos de los Pecados Capitales
- Catamarán Eléctrico Reserva de Biosfera
- Ruta Agroalimentaria das Mariñas
- Descenso/Ascenso Río Mandeo en kayak
- Ruta Río Pelamios
- Experiencias Inmersivas de la Biosfera



INFO
cambre.es
981 613 128



# Cambre
## o bosque animado

IMPRESCINDIBLES

- Igrexa de Santa María de Cambre
- Museo Xacemento Romano
- Muiño de Peiraio
- Ponte Romano O Burgo-O Temple
- Paseo fluvial río Mero
- Camiño Inglés a Santiago
- Encoro de Abegondo-Cecebre
- Casa Museo Wenceslao Fernández Flórez
- O Bosque Animado
- Galaicoi
- Cromático Mural Fest

.gal Invitámosche a descubrir Cambre, un concello cheo de ilusión e sorpresas. Un pobo alegre, vivo e cun encanto especial. Un lugar acolledor que está sempre disposto a recibir aos visitantes e dar a coñecer a riqueza do seu patrimonio, a súa cultura e a súa gastronomía.

Cambre está vertebrado polo río Mero que parte do encoro de Abegondo-Cecebre, ambos protagonistas da súa beleza medioambiental con multitude de espazos naturais, moitos deles aínda por coñecer. Perderse no Bosque Animado que relatou Wenceslao Fernández Flórez, pasear polo paseo marítimo de O Temple, o introducirse no Camiño Inglés ao seu paso pola parroquia de Sigrás, que culmina na igrexa de Santa María de Cambre, un dos máis belos templos de peregrinación do Románico, fan deste concello un espazo para o acougo e a reflexión.

Por riba de todo o maior valor deste pobo son as súas xentes, sempre dispostas a orientar ao forasteiro no seu periplo por este marabilloso enclave.







.es Te invitamos a descubrir Cambre, un ayuntamiento lleno de ilusión y sorpresas. Un pueblo alegre, vivo y con un encanto especial. Un lugar acogedor que está siempre dispuesto a recibir a los visitantes y dar a conocer la riqueza de su patrimonio, su cultura y su gastronomía.

Cambre está vertebrado por el río Mero que parte del embalse de Abegondo-Cecebre, ambos protagonistas de su belleza medioambiental con multitud de espacios naturales, muchos de ellos aún por conocer. Perderse en el Bosque Animado que relató Wenceslao Fernández Flórez, pasear por el paseo marítimo del Temple, introducirse en el Camino Inglés a su paso por la parroquia de Sigrás, que culmina en la iglesia de Santa María de Cambre, uno de los más bellos templos de peregrinación del Románico, hacen de este ayuntamiento un espacio para el sosiego y la reflexión.

Por encima de todo el mayor valor de este pueblo son sus gentes, siempre dispuestas a orientar al forastero en su periplo por este maravilloso enclave.

IMPRESCINDIBLES

- Iglesia de Santa María de Cambre
- Museo Yacimiento Romano
- Molino de Peiraio
- Puente Romano O Burgo-O Temple
- Paseo fluvial río Mero
- Camino Inglés a Santiago
- Embalse de Abegondo-Cecebre
- Casa Museo Wenceslao Fernández Florez
- El Bosque Animado
- Galaicoi
- Cromático Mural Fest




INFO
carral.es
981 670 002



# Carral
## terra de pan

IMPRESCINDIBLES

- Muiños de auga Costa da Égoa
- Monumentos Mártires de Carral
- Pan de Carral
- Monte Xalo
- San Pedro de Rubieiro
- Val de Barcia

.gal Carral, destaca pola excepcional calidade do seu pan, un dos de maior recoñecemento, tanto en Galicia como en moitas partes de España.

A auga está moi relacionada coa industria panadeira de Carral, como confirman os numerosos muíños hidráulicos que hai na zona de Costa da Égoa, onde se moe o gran para convertelo en fariña.

O Concello de Carral ten catro alturas principais: o Monte Xalo; San Bartolomé, nas Travesas; o Monte de Castro de Ameas e o Mirador de Lale-Rubieiro. Estas alturas ofrecen unhas vistas panorámicas do Concello de Carral e dos seus arredores, chegando a ver incluso a cidade de A Coruña.







.es Carral, destaca por la excepcional calidad de su pan, uno de los de mayor reconocimiento, tanto en Galicia como en muchas partes de España.

El agua está muy relacionada con la industria panadera de Carral, como confirman los numerosos molinos hidráulicos que hay en la zona de Costa da Égoa, donde se muele el grano para convertirlo en harina.

El Ayuntamiento de Carral tiene cuatro alturas principales: el Monte Xalo; San Bartolomé, en las Travesas; el Monte de Castro de Ameas y el Mirador de Lale-Rubieiro. Estas alturas ofrecen unas vistas panorámicas del Ayuntamiento de Carral y de sus alrededores, llegando a ver incluso la ciudad de A Coruña.

IMPRESCINDIBLES

- Molinos de agua Costa da Égoa
- Monumento Mártires de Carral
- Pan de Carral
- Monte Xalo
- San Pedro de Rubieiro
- Valle de Barcia




INFO
concellocoiros.com



# Coirós
## natureza fluvial

IMPRESCINDIBLES

- Ruta fluvial de Chelo
- Centro de Interpretación do Río Mandeo
- Campo de Os Caneiros
- Mirador de A Espenuca
- Pena Furada
- Ruta O Río dos dous nomes

.gal Coirós está bañado polo río Mandeo e o Mendo, e conta con diversos espazos recomendables para visitar. O Río dos dous nomes (Río Vexo ou Río Fervenzas) é un afluente do Mandeo polo que atravesa una ruta senderista, así como se poden atopar restos de unha antigua ferrería. Á ribeira do río Mendo atopamos o Lugar de Mende, onde se encontran dous muíños totalmente rehabilitados.

Outro espazo natural a resaltar é Pena Furada, unha zona cunhas vistas estupendas. Representa unha figura feminina e calcúlase que foi creada na Idade de Ferro. Tamén, o mirador de A Espenuca, que permite ver o río Mandeo sobre Chelo, e está ubicado a carón da ermita de Santa Eulalia. E, por último, o Monte do Gato, a zona máis alta do concello con 512 metros de altura e onde pode disfrutar dunhas extraordinarias vistas da comarca das Mariñas.

En Coirós atópase tamén o Lugar de Chelo, una paraxe fluvial declarada paisaxe pintoresca en 1972, e Os Caneiros, outro lugar emblemático no que ten lugar a famosa xira Os Caneiros tódolos anos, os días 18 e 25 de agosto.







.es Coirós está bañado por el río Mandeo y el Mendo, y cuenta con diversos espacios recomendables para visitar. El Río de los dos nombres (Río Vexo o Río Fervenzas) es un afluente del Mandeo por el que atraviesa una ruta senderista, así como se pueden encontrar restos de una antigua herrería. A la ribera del río Mendo encontramos el Lugar de Mende, donde se encuentran dos molinos totalmente rehabilitados.

Otro espacio natural para resaltar es Pena "Furada", una zona con unas vistas estupendas. Representa una figura femenina y se calcula que fue creada en la Edad de Hierro. También, el mirador de A Espenuca, que permite ver el río Mandeo sobre Chelo, y está ubicado al lado de la ermita de Santa Eulalia. Y, por último, el Monte del Gato, la zona más alta del ayuntamiento con 512 metros de altura y donde se puede disfrutar de unas extraordinarias vistas de la comarca de As Mariñas.

En Coirós se encuentra también el Lugar de Chelo, un paraje fluvial declarado paisaje pintoresco en 1972, y Los Caneiros, otro lugar emblemático en el que tiene lugar la famosa gira Los Caneiros todos los años, los días 18 y 25 de agosto.

IMPRESCINDIBLES

- Ruta fluvial de Chelo
- Centro de Interpretación del Río Mandeo
- Campo de Os Caneiros
- Mirador de A Espenuca
- Pena Furada
- Ruta "O Río dos dous nomes"




INFO
turismoculleredo.gal
981 664 204
turismo@culleredo.es

IMPRESCINDIBLES

- Paseo da Ría do Burgo e Xardín Botánico
- Monte Xalo e mirador de O Petón
- Ruta fluvial e etnográfica do Rego das Xesteiras
- Ruta fluvial do Rego da Trabe
- Torre de Celas e parque de Celas
- Ponte do Burgo e Igrexa de Santiago de O Burgo
- Muíños de marea de Acea da Má
- Arquitectura da industrialización



# Culleredo
## brisas da ría

.gal Culleredo ofréceche un inmenso patrimonio natural, cultural e arquitectónico. Déixate seducir pola forza da natureza, recorre camiños acompañado polo rumor da auga, goza dun relaxante paseo ao carón do mar contemplando a beleza das aves ou fai un descanso na túa xornada polo Camiño Inglés.

Se buscas practicar actividades ao aire libre e deporte atoparás interesantes rutas de sendeirismo, BTT (Bicicleta Todo Terreno) e lugares únicos nos que facer deportes como a escalada.

Coñecer o noso patrimonio arquitectónico é un convite para viaxar desde a Prehistoria ata o mundo industrial, facendo escalas na época da dominación romana, nun brillante pasado medieval e nas transformacións sociais vividas en época contemporánea.

Os amantes da boa mesa atoparán na hostalaría local unha combinación maxistral dos produtos do noso mar e da nosa terra, e si es máis de festa, non podes perder os eventos gastronómicos. O comercio local ofréceche unha variada oferta e nos feiróns municipais os produtores locais teñen destacado protagonismo.







.es Culleredo te ofrece un inmenso patrimonio natural, cultural y arquitectónico. Déjate seducir por la fuerza de la naturaleza, recorre caminos acompañado por el rumor del agua, disfruta de un relajante paseo al lado del mar contemplando la belleza de las aves, o haz un descanso en tu etapa por el Camino Inglés.

Si buscas practicar actividades al aire libre y deporte encontrarás interesantes rutas de senderismo, BTT (Bicicleta Todo Terreno) y lugares únicos en los que hacer deportes como la escalada.

Conocer nuestro patrimonio arquitectónico es una invitación para viajar desde la Prehistoria hasta el mundo industrial, haciendo escalas en la época de la dominación romana, en un brillante pasado medieval y en las transformaciones sociales vividas en época contemporánea.

Los amantes de la buena mesa encontrarán en la hostelería local una combinación magistral de los productos de nuestro mar y de nuestra tierra, y sí eres más de fiesta no puedes perderte los eventos gastronómicos. El comercio local te ofrece una variada oferta y en los feirones municipales los productores locales tienen un destacado protagonismo.

IMPRESCINDIBLES

- Paseo de la Ría de O Burgo y Jardín Botánico
- Monte Xalo y mirador de O Petón
- Ruta fluvial y etnográfica de O Rego das Xesteiras
- Ruta fluvial de O Rego da Trabe
- Torre de Celas y parque de Celas
- Ponte de O Burgo e Iglesia de Santiago de O Burgo
- Molinos de marea de Acea da Má
- Arquitectura de la industrialización




INFO
curtis.gal
981 789 003

IMPRESCINDIBLES

- Centro Etnográfico de Teixeiro
- Paseo fluvial do Carregal
- Casa Museo María Antonia Dans
- Ponte Marzá
- Feira de Curtis (9 e 23 de cada mes)
- Igrexa de Santaia de Curtis



# Curtis
## natureza máxica

.gal Se buscas natureza en estado puro, espazos máxicos, boa gastronomía, xentes amables, patrimonio e historia, o municipio de Curtis é o teu destino.

A contorna do municipio, a súa paisaxe fluvial, os recantos e fragas, fan de Curtis un excelente punto de partida para a práctica do sendeirismo e para coñecer dous museos e centros de especial importancia: o Centro Etnográfico de Teixeiro e a Casa Museo Mª Antonia Dans en Curtis.

Pero o importante deste destino é que sempre atoparás unha boa razón para volver.







.es Si buscas naturaleza en estado puro, espacios mágicos, buena gastronomía, gentes amables, patrimonio e historia, el municipio de Curtis es tu destino.

El entorno del municipio, su paisaje fluvial, las esquinas y bosques, hacen de Curtis un excelente punto de partida para la práctica del senderismo y para conocer dos museos y centros de especial importancia: el Centro Etnográfico de Teixeiro y la Casa Museo Mª Antonia Dans en Curtis.

Pero lo importante de este destino es que siempre encontrarás una buena razón para volver.

IMPRESCINDIBLES

- Centro Etnográfico de Teixeiro
- Paseo fluvial del Carregal
- Casa Museo María Antonia Dans
- Puente Marzá
- Feria de Curtis (9 y 23 de cada mes)
- Iglesia de Santaia de Curtis






INFO
irixoa.es
981 793 001

# Irixoa
## a forza da auga

IMPRESCINDIBLES

- Serra da Loba
- Monte de San Antón
- Monte Raño
- Mirador Pico de Vales
- Capela de San Cosme
- Fervenzas do río Zarzo
- Petróglifo de Gramben
- Igrexa de San Martiño

El punto de inicio de esta ruta se encuentra en la parroquia de Soñeiro, atravesando diferentes parroquias de las cuales destacan sus iglesias y cruceros, que resaltan por su simplicidad y belleza. Además, se caracteriza por atravesar los restos que denotan el paso y asentamiento de los celtas por estas tierras, como son los castros de Meirás o Taibo, o destacar el paso por el Pazo de Meirás declarado Bien de Interés Cultural.

Dentro de una zona con marcado carácter antropizado, esta ruta permite desconectar y pasear tranquilamente por rincones de especial belleza paisajística.



### Cova da Serpe
Ruta BTT SM.01 / 25,95 km / Dificultade baixa

### Serra da Loba
Ruta BTT SM.03 / 20,75 km / Dificultade baixa

### Val de Cambás
Ruta SM.04 / 6,5 km / Dificultade alta

### Veiga do Mandeo
Ruta SM.05 / 9,15 km / Dificultade media

### Veiga do Mandeo a Xielas
Ruta SM.06 / 8,8 km / Dificultade media

### Xielas a Ambalasaugas
Ruta SM.07 / Dificultade alta

### Ambalasaugas a As Pías
Ruta SM.08 / 3,41 km / Dificultade baixa

### As Pías a Zarzo
Ruta SM.09 / 10,72 km / Dificultade media

### Ruta da Auga
Ruta BTT SM.10 / 23,32 km / Dificultade media

### Zarzo a Chelo
Ruta SM.11 / 10,68 km / Dificultade media

### Bocelo
Ruta SM.12 / 7,61 km / Dificultade media

### Paderne I
Ruta SM.13 / 2,67 km / Dificultade media

### Paderne II
Ruta SM.13 / 3,91 km / Dificultade media
Enlace 1 Ruta SM.13 / 0,33 km / Dificultade media
Enlace 2 Ruta SM.13 / 0,21 km / Dificultade media
Enlace 3 Ruta SM.13 / 0,42 km / Dificultade media

### Río Mendo
Ruta SM.14 / 8,65 km / Dificultade media
Derivación Ruta SM.14 / 3,17 km / Dificultade baixa

### Monte do Gato
Ruta BTT SM.15 / 19,25 km / Dificultade baixa
Derivación Ruta SM.15 / 1,91 km / Dificultade media

### Agra
Ruta SM.16 / 0,91 km / Dificultade baixa

### Rexidoira
Ruta SM.17 / 0,62 km / Dificultade alta
Derivación Ruta SM.17 / 0,2 km / Dificultade alta

### Dos Muiños
Ruta SM.18 / 5,76 km / Dificultade baixa

### Paseo fluvial dos Caneiros
Ruta SM.19 / 3,56 km / Dificultade baixa

## Bilurico das rochas

.gal Ave de pequeno tamaño con patas curtas e pés amarelo escuro. Garras cunha base pálida e punta escura. No inverno o plumaxe é máis apagado e en voo obsérvase nas ás unha ancha banda branca que contrasta co resto de plumas escuras.

Durante a cría prefire ríos, encoros e arroios, onde ocupa bancos de area ou acumulacións de grava. En migración e invernada ocupa tamén estuarios, marismas, praias e áreas rocosas.

## Andarríos chico

.es Ave de pequeño tamaño con patas bastante cortas y pies amarillo oscuro. Garras con una base pálida y punta oscura. En invierno el plumaje es más apagado y en vuelo se observa en las alas una ancha banda blanca que contrasta con el resto de plumas oscuras.

Durante la cría prefiere ríos, embalses y arroyos, donde ocupa bancos de arena o acumulación de grava. En migración e invernación ocupa también estuarios, marismas, playas y áreas rocosas.



*Actitis hypoleucos*

## Ferreiriño real

.gal Ten o peito amarelo en contraste co azulado da cola e as ás, cunha franxa central negra no ventre, grande e escura nos machos e máis suave e estreita nas femias. A cabeza é negra coas fazulas brancas e o pico e as patas escuras.

É un ave forestal sen moitas esixencias que pode atoparse en calquera área con árbores dispersas.

## Carbonero común

.es Tiene el pecho amarillo en contraste con el azulado de la cola y las alas, con una franja central negra en el vientre, grande y oscura en los machos y más suave y estrecha en las hembras. La cabeza es negra con las mejillas blancas y el pico y las patas oscuras.

Es un ave forestal sin muchas exigencias que puede encontrarse en cualquier área con árboles dispersos.



*Parus major*



*Arenaria interpres*

## Virapedras

.gal Corpo compacto, patas, pescozo e pico curtos. Patas de coloración laranxa intensa. A cor da plumaxe varía coas estacións. Durante o inverno a súa cabeza é de cor café claro. A zona dorsal é marrón escuro, gris e negro e a zona ventral branca, co pescozo e peito negros. Na época reprodutiva os machos teñen a cabeza e o pescozo cubertos cun rechamante deseño branco e negro e coa zona dorsal vermella.

Pódese ver en mares, costas e estuarios nas zonas rochosas.

## Vuelvepiedras común

.es Cuerpo compacto, patas, pescuezo y pico cortos. Las patas tienen una coloración naranja intensa. El color del plumaje varía con las estaciones. Durante el invierno su cabeza es de color café claro. La zona dorsal es marrón oscuro, gris y negro y la zona ventral blanca, con el pescuezo y pecho negros. En la época reproductiva los machos tienen la cabeza y el pescuezo cubiertos con un llamativo diseño blanco y negro y con la zona dorsal roja.

Se puede ver en mares, costas y estuarios en zonas rocosas.



*Calidris alpina*

## Pilro común

.gal Ave de tamaño medio co pico e patas de cor escura. O adulto en plumaxe nupcial presenta un parche negro no peito moi rechamante e as partes superiores en tons colorados, negros e parduzcos.

En época reprodutora se instala en campos nas beiras de pequenos lagos ou páramos húmidos. No paso migratorio pode visitar augas interiores.

## Correlimos común

.es Ave de tamaño medio con el pico y patas de color oscuro. El adulto en plumaje nupcial presenta un parche negro en el pecho y con el límite más o menos difuso y las partes superiores en tonos colorados, negros y parduzcos.

En época reproductora se instala en campos en las orillas de pequeños lagos o páramos húmedos. En el paso migratorio puede visitar aguas interiores.







*Alcedo atthis*

## Picapeixe

.gal Verde azulado brillante por riba, castaño alaranxado debaixo. Gorxa branca e mancha tamén branca aos lados do pescozo. O macho ten o pico completamento negro mentres que a femia ten a parte inferior colorada.

Vive en ríos, arroios, lagoas, encoros ou zonas costeiras. Busca normalmente augas pouco contaminadas.

## Martín pescador común

.es Verde azulado brillante por arriba, castaño anaranjado debajo. Garganta blanca y mancha también blanca a los lados del cuello. El macho tiene el pico completamente negro mientras que la hembra tiene la parte inferior colorada.

Vive en ríos, arroyos, lagunas, embalses o zonas costeras. Busca normalmente aguas poco contaminadas.

## Papuxa das amoras

.gal Curruca de tamaño medio, de aspecto robusto e dunha tonalidade grisácea en xeral. O macho ten o capirote negro, mentres que na femia é marrón e presenta nas ás e no peito uns tons colorados.

Prefire ambientes forestais húmidos con sotobosque ben desenvolvido e presencia de claros. Tamén aparece en xardíns e parques.



*Sylvia atricapilla*

## Curruca capirotada

.es Curruca de tamaño medio, de aspecto robusto y de una tonalidad grisácea en general. El macho tiene el capirote negro, mientras que la hembra es marrón y presenta en las alas y en el pecho unos tonos morados.

Prefiere ambientes forestales húmedos con sotobosque bien desarrollado y presencia de claros. También aparece en jardines y parques.



*Cinclus cinclus*

## Paporrubio

.gal A plumaxe do peito e da cara son laranxas. Gris azulado aos lados do pescozo e peito. A parte superior é de cor marrón e o peito esbrancuxado, mentres que as patas son de cor marrón. O pico e os ollos son de cor negra. Os mozos non teñen cor alaranxada e son moteados de pardo escuro e ocre con parches de cor laranxa que lle irán aparecendo gradualmente no peito.

Vese en calquera tipo de bosque, horta, prados e xardíns.

## Petirrojo europeo

.es El plumaje del pecho y de la cara son naranjas. Gris azulado a los lados del cuello y pecho. La parte superior es de color marrón y el pecho blanquecino, mientras que las patas son de color marrón. El pico y los ojos son de color negro. Los jóvenes no tienen color anaranjado y son moteados de pardo oscuro y ocre con parches de color naranja que le irán apareciendo gradualmente en el pecho.

Lo vemos en cualquier tipo de bosque, huerta, prados y jardines.



*Erithacus rubecula*

## Merlo rieiro

.gal Son aves rechonchas de tamaño mediano, cola curta e ás máis ben pequenas. A súa plumaxe é pardo escura (podendo parecer case negra) co peito branco coma se fose un babeiro. Os mozos presentan cores grisáceas na plumaxe e o peito é mais ben crema.

De maneira cotiá, vive nas beiras dos ríos rápidos de montaña, aínda que se poden atopar nalgunhas lagoas. A súa preferencia polas augas non contaminadas convertírono nun bioindicador da calidade do río.

## Mirlo acuático europeo

.es Son aves rechonchas de tamaño mediano, cola corta y alas más bien pequeñas. Su plumaje es pardo oscuro (pudiendo parecer casi negro) con el pelo blanco como si fuese un babero. Los jóvenes presentan colores grisáceos en el plumaje y el pecho es más bien crema.

De manera cotidiana, viven en las orillas de los ríos rápidos de montaña, aunque se pueden encontrar en algunas lagunas. Su preferencia por las aguas no contaminadas lo convierten en un bioindicador de la calidad del río.

## Mergullón pequeno

.gal Na época de cría presenta unha plumaxe nupcial no que destaca a garganta e o pescozo de cor vermella, cunha mancha amarela na parte membranosa da base do pico. O resto do ano a plumaxe non é vistosa, sendo pardo grisácea coa zona dorsal máis escura.

Atópase en encoros, lagoas, ríos...

## Zampullín común

.es En la época de cría presenta un plumaje nupcial en el que destaca la garganta y el cuello de color rojo, con una mancha amarilla en la parte membranosa de la base del pico. El resto del año el plumaje no es vistoso, siendo pardo grisáceo con la zona dorsal más oscura.

Se encuentra en embalses, lagunas, ríos...



*Tachybaptus ruficollis*

## Mazarico real

.gal A cabeza do Mazarico Real é de cor bastante uniforme. A plumaxe é de cor marrón amarelada cun deseño de vetas finas e escuras. O máis característico desta ave é o seu larguísimo pico curvo (sendo máis longo mesmo no caso das femias).

En inverno pódense atopar en áreas costeiras como marismas e estuarios e mesmo en prados inundables. Na época de cría adoita ir terra adentro na procura de lagoas, remansos de ríos ou áreas encharcadas.

## Zarapito real

.es La cabeza del Zarapito Real es de color bastante uniforme. El plumaje es de color marrón amarillento con un diseño de vetas finas y oscuras. Lo más característico de esta ave es su larguísimo pico curvo (siendo más largo incluso en el caso de las hembras).

En inverno se pueden encontrar en áreas costeras como marismas y estuarios e incluso en prados inundables. En la época de cría acostumbra a ir tierra adentro en la búsqueda de lagunas, remansos de ríos o áreas encharcadas.

*Anas platyrhynchos*



## Mascato



*Morus bassanus*

.gal Ave marina esbelta e de gran tamaño. A súa cor xeral é branca, destacando os extremos negros das súas ás. A cabeza presenta unha lixeira tonalidade amarela. O pico gris aparece percorrido por liñas negras que o perfilan e tamén rodean o ollo. As plumas son impermeables, o que permite pasar longos períodos na auga.

O seu hábitat natural é o océano, onde pasa a maior parte do tempo da súa vida. Póusanse en terra en raras ocasións, para aniñar buscan cantís rochosos.

## Alcatraz atlántico

.es Ave marina esbelta y de gran tamaño. Su color, por lo general, es blanco, destacando los extremos negros de sus alas. La cabeza presenta una ligera tonalidad amarilla. El pico gris aparece recorrido por líneas negras que perfilan y también rodean el ojo. Las plumas son impermeables, lo que le permite pasar largos periodos en el agua.

Su hábitat natural es el océano, donde pasa la mayor parte del tiempo de su vida. Se posan en tierra en raras ocasiones, para anidar buscan acantilados rocosos.



*Motacilla cinerea*

## Lavandeira real

.gal Ave de cor gris verdoso no dorso e amarela na parte inferior. A cola está sempre en movemento. Os machos diferéncianse das femias pola presenza neles dunha mancha negra na garganta durante o período de reprodución.

Adoita estar en zonas montañosas e en terrapléns aínda que tamén se pode atopar en zonas con torrentes ou augas rápidas.

## Lavandera cascadeña

.es Ave de color gris verdoso en el dorso y amarilla en la parte inferior. La cola está siempre en movimiento. Los machos se diferencian de las hembras por la presencia en ellos de una mancha negra en la garganta durante el periodo de reproducción.

Suele estar en zonas montañosas y en terraplenes aunque también se puede encontrar en zonas con torrentes o aguas rápidas.





## Lavanco

.gal É un pato de tamaño medio aínda que máis pesado que o resto de patos da súa especie. O macho ten, en plumaxe nupcial, a cabeza e o pescozo verde oscuro, o peito castaño e o ventre esbrancuxado. Ás grises, pico amarelo verdoso e patas vermello alaranxadas. As femias son de tons parduscos. Ambos sexos presentan un espejuelo azul. Os mozos son parecidos ás femias.

Pode vivir en marismas, estuarios e regatos.



*Anas platyrhynchos*

## Ánade azulón

.es Es un pato de tamaño medio aunque más pesado que el resto de patos de su especie. El macho tiene, en plumaje nupcial, la cabeza y el cuello verde oscuro, el pecho castaño y el vientre blanquecino. Alas grises, pico amarillo verdoso y patas rojas anaranjadas. Las hembras son de tonos parduzcos. Ambos sexos presentan un espejuelo azul. Los jóvenes son parecidos a las hembras.

Puede vivir en marismas, estuarios y regatos.

## Lagarteiro



.gal O lagarteiro é relativamente pequeno comparado con outras rapaces, pero máis grande que a maioría das aves. Os machos adultos posúen o dorso de cor colorada, con manchas negras, e a cabeza é grisácea e raiada en negro. As femias teñen tonos máis ben pardos con marchas ao longo de todo o corpo cono tons ocres.

Prefire un hábitat de campo aberto e matorral. Anidan en fendas de rochas ou edificios, ocos de árbores ou niños doutras aves.

## Cernícalo vulgar

.es El cernícalo vulgar es relativamente pequeño comparado con otras rapaces, pero de tamaño mayor que la mayoría de las aves. Los machos adultos poseen un dorso de color colorado, con manchas negras, y la cabeza es grisácea y rayada en negro. Las hembras tienen tonos más bien pardos con manchas a lo largo de todo el cuerpo con tonos ocres.

Prefiere un hábitat de campo abierto y matorral. Anidan en grietas de rocas o edificios, huecos de árboles o nidos de otras aves.

## Garzota



*Egretta garzetta*

.gal Ten a plumaxe enteiramente branca. Durante o verán, ten na coronilla 2 plumas moi longas, estreitas e puntiagudas que sobresaen por detrás. Pico negro coa base da mandíbula inferior gris verdoso. As patas negras cos dedos amarelos. O iris é amarelo. Os mozos son parecidos ao adulto.

Atópase en diferentes zonas húmidas, naturais ou artificiais, de augas tranquilas e abundante vexetación.

## Garceta común

.es Tiene el plumaje enteramente blanco. Durante el verano, tiene en la coronilla 2 plumas muy largas, estrechas y puntiagudas que sobresalen por detrás. Pico negro con la base de la mandíbula inferior gris verdoso. Las patas negras con los dedos amarillos. El iris es amarillo. Los ejemplares jóvenes son parecidos al adulto.

Se encuentran en diferentes zonas húmedas, naturales o artificiales, de aguas tranquilas y abundante vegetación.

## Garza real

.gal A súa plumaxe é maiormente gris arriba e algo branca por debaixo. Os adultos teñen a cabeza branca cun copete negro e unha cresta delgada. Nos mozos toda a cabeza é grisácea. Ten un pico forte rosa e amarelado. Ten un voo pausado, co seu longo pescozo retraído (en forma de S) e as ás arqueadas. Cando estende o seu pescozo, o pico semella unha culler. Isto é característico das garzas e garcetas e os distingue das cigoñas.

Ocupa diferentes zonas húmidas, tanto naturais como artificiais. Durante o período de reprodución prefire lagoas ou ribeiras de auga doce con abundante vexetación.

## Garza real

.es Su plumaje es mayormente gris arriba y algo blanco por debajo. Los adultos tienen la cabeza blanca con copete negro y una cresta delgada. En los ejemplares jóvenes toda la cabeza es grisácea. Tiene un pico fuerte rosa y amarillento. Tiene un vuelo pausado, con su largo cuello retraído (en forma de S) y las alas arqueadas. Cuando extiende el cuello, el pico parece una cuchara. Esto es característico de las garzas y garcetas y las distingue de las cigüeñas.

Ocupa diferentes zonas húmedas, tanto naturales como artificiales. Durante el periodo de reproducción prefiere lagunas o riberas de agua dulce con abundante vegetación.



*Ardea cinerea*

## Galiñola negra

.gal Ave acuática robusta, de cor negra, que ten o pico e unha protección na fronte de cor branca. Ás amplas e de punta redondeada, cunha franxa de cor branca ao longo do borde posterior das plumas primarias.

Busca augas tranquilas e pouco profundas de encoros, lagoas, incluso balsas de rego e estanques dentro de cidade, tanto de auga doce coma salgada.

## Focha común


*Fulica atra*

.es Ave acuática robusta, de color negro, que tiene el pico y una protección en la frente de color blanca. Alas amplias y de punta redondeada, con una franja de color blanca a lo largo del borde posterior de las plumas primarias.

Busca aguas tranquilas y poco profundas de embalses, lagunas, incluso balsas de riego y estanques dentro de ciudad, tanto de agua dulce como salada.

## Galiñola

.gal É de aspecto similar á súa parente a Galiñola negra. Resulta doado de recoñecela polo seu escudete frontal, vermello vivo, e o pico colorado coa punta amarela. Ten o dorso pardo escuro e a plumaxe negruzca en case todo o resto do corpo. As súas patas son verdosas e presentan un anel vermello na súa parte superior.

É unha das aves máis cosmopolitas. Pódese atopar en calquera tipo de hábitat acuático, sempre que as súas augas sexan máis ou menos doces.

## Gallineta común

.es Es de aspecto similar a su pariente la Focha Común. Resulta fácil reconocerla por su escudete frontal, rojo vivo, y el pico colorado con la punta amarilla. Tiene el dorso pardo oscuro y el plumaje negruzco en casi todo el resto del cuerpo. Sus patas son verdosas y presentan un anillo rojo en su parte superior.

Es una de las aves más cosmopolitas. Se pueden encontrar en cualquier tipo de hábitat acuático, siempre que sus aguas sean más o menos dulces.


*Gallinula chloropus*


*Larus marinus*

## Gaivotón

.gal Gaivota grande, co dorso escuro e patas rosadas. Ten un poderoso pico para comer pitiños de aves mariñas e crías de patos, tragándoas enteiras. No verán a cabeza é branca, mentres que no inverno ten unhas finas manchas grises.

Ten os seus niños en áreas costeiras, elixindo emprazamento nas partes altas dos acantilados ou zonas rochosas. Tamén cría en illas de lagoas.

## Gavión atlántico

.es Gaviota grande, con el dorso oscuro y patas rosadas. Tiene un poderoso pico para comer crías de aves marinas y crías de patos, tragándolas enteras. En verano la cabeza es blanca, mientras que en invierno tiene unas finas manchas grises.

Tiene sus nidos en áreas costeras, eligiendo emplazamientos en las partes altas de los acantilados o zonas rocosas. También cría en islas de lagunas.

## Gaivota patiamarela

.gal É moi similar á Gaivota arxéntea. A principal diferenza está nas patas que son amarelas e na argéntea son rosadas. O macho é igual ca femia, quizais un pouco maior de tamaño. En inverno a ave adulta non ten moteado escuro na cabeza e pescozo.

Para aniñar prefire acantilados mariños ou illas cercanas á costa, pero en xeral, pode ocupar variedade de emprazamentos como praias, humedais... Ademais, é bastante habitual nas inmediacións dos núcleos de poboación costeiros, onde pode incluso chegar a criar en edificacións humanas.

## Gaviota patiamarilla

.es Es muy similar a la Gaviota argéntea. A principal diferencia está en las patas que son amarillas y en la argéntea son rosadas. El macho es igual que la hembra, quizás un poco mayor de tamaño. En invierno el ave adulta no tiene moteado oscuro en la cabeza o cuello.

Para anidar prefiere acantilados marinos o islas cercanas a la costa, pero en general puede ocupar variedad de emplazamientos como playas, humedales... además, es bastante habitual en las inmediaciones de núcleos de poblaciones costeras, donde puede incluso llegar a criar en edificaciones humanas.


*Larus michahellis*





## Gaivota escura

.gal É de tamaño grande e de dorso moi escuro. As femias e os machos son idénticos en apariencia. A plumaxe é branca no peito e gris no dorso. As patas e o pico son de color amarelo, ao igual que o iris, que loce un anel ocular vermello. Os exemplares mozos presentan tons marróns e branco sucio. Diferéncianse da patiamarela polo manto negro.

Ocupan estuarios, marismas, lagoas,... Tamén se poden observar en vertedeiros, arrozais ou salinas cando buscan alimento.

## Gaviota sombría

.es Es de tamaño grande y de dorso muy oscuro. Las hembras y los machos son idénticos en apariencia. El plumaje es blanco en el pecho y gris en el dorso. Las patas y el pico de color amarillo vivo al igual que el iris, que luce un anillo ocular rojo. Los ejemplares jóvenes presentan tonos marrones y blanco sucio. Se diferencia de la patiamarilla por su manto negro.

Ocupan estuarios, marismas, lagunas... también se pueden observar en vertederos, arrozales o salinas cuando buscan alimento.

*Larus fuscus*



*Chroicocephalus ridibundus*

## Gaivota chorona

.gal É de tamaño pequeno, co pico vermello-negruzco e co dorso grisáseo coas partes inferiores brancas. No período de verán a cabeza presenta un capuchón marrón chocolate. O resto do ano é branca.

Ocupan estuarios, marismas, lagoas... Tamén se poden observar en vertedeiros, arrozais ou salinas cando buscan alimento.

## Gaviota reidora

.es Es de tamaño pequeño, con el pico rojo-negruzco y con el dorso grisáseo con las partes inferiores blancas. No período de verano a cabeza presenta un capuchón marrón chocolate. El resto del año es blanca.

Ocupan estuarios, marismas, lagunas... también se pueden observar en vertederos, arrozales o salinas cuando buscan alimento.

*Aegithalos caudatus*


## Ferreiriño Rabilongo

.gal Ave pequena cunha cola sorprendentemente longa. Os seus ollos son pequenos e brillantes e sobresaen na súa cabeza de cor branca e listas negras. É de cor parda no dorso e rosácea no peito. As patas tamén son negras.

Podemos atopalo en zonas boscosas. No inverno poden achegarse a parques ou xardíns urbanos.

## Mito

.es Ave pequeña con una cola sorprendentemente larga. Sus ojos son pequeños y brillantes y sobresalen en su cabeza de color blanca y marcas blancas. Es de color pardo en el dorso y rosáceo en el pecho. Las patas también son negras.

Podemos encontrarlos en zonas boscosas. En invierno pueden acercarse a parques o jardines urbanos.

## Corvo mariño grande

.gal Ave grande de aspecto torpe e coloración xeral negruzca, salvo a garganta, que é de tons esbrancuxados. Ten o pescozo longo e groso, o pico prominente e gris e as patas negras. Na base da mandíbula inferior presenta unha zona espida de plumas de cor amarela-alaranxada que alcanza case aos ollos. Os mozos presentan as partes inferiores de tons pálidos e cremosos.

Encóntrase en illas rochosas e acantilados mariños.

## Cormorán grande

.es Ave grande de aspecto torpe y coloración general negruzca, salvo la garganta, que es de tonos blanquecinos. Tiene el cuello largo y grueso, el pico prominente y gris y las patas negras. En la base de la mandíbula inferior presenta una zona desnuda de plumas de color amarilla-anaranjada que alcanza casi a los ojos. Los jóvenes presentan las partes inferiores de tonos pálidos y cremosos.

Se encuentra en islas rocosas y acantilados marinos.


*Phalacrocorax carbo*



*Gulosus aristotelis*

## Corvo mariño cristado

.gal Recorda ao cormorán grande, aínda que é máis pequeno e esbelto e ten a cabeza e o pico máis pequenos, a fronte marcada e o pescozo máis estreito que a cabeza. A gorxa é totalmente negra e a comisura do pico, amarela. Voando é máis áxil. Fóra da auga ten o costume de colocarse sobre as rochas coas ás abertas para deixar secar a súa plumaxe.

Especie mariña litoral, atópase en costas rochosas e illas. Normalmente en sitios inaccesibles da costa.

## Cormorán moñudo

.es Recuerda al cormorán grande, aunque es más pequeño y esbelto y tiene la cabeza y el pico más pequeños, la frente marcada y el cuello más estrecho que la cabeza. La garganta es totalmente negra y la comisura del pico, amarilla. Volando es más ágil. Fuera del agua tiene la costumbre de colocarse sobre las rocas con las alas abiertas para dejar secar su plumaje.

Especie marina litoral, se encuentra en costas rocosas e islas. Normalmente en sitios inacce-sibles de la costa.

## Cisne mudo

.gal Ave de longo pescozo e plumaxe completamente branca. Posúe unhas curtas e fortes patas de cor negra, así coma un pico alaranxado cos bordes negros e unha gran protuberancia, tamén negra, na base da mandíbula superior.

Os mozos son pardo-grisáceos e co pico de cor gris. Adquiren a plumaxe definitiva do adulto ao segundo inverno de vida.

Prefiren lagoas e ríos de pouco caudal con beiras onde crecen herbas altas. En inverno pódense ver cerca de costas mariñas.

## Cisne vulgar

.es Ave de largo cuello y plumaje completamente blanco. Posee unas cortas y fuertes patas de color negro, así como un pico anaranjado con los bordes negro y una gran protuberancia, también negra, en la base de la mandíbula superior.

Los jóvenes son pardo-grisáceos y con el pico gris. Adquieren el plumaje definitivo del adulto al segundo invierno de vida.

Prefieren lagunas y ríos de poco caudal con riberas en las que crecen hierbas altas. En invierno se pueden ver cerca de costas marinas.



*Cygnus olor*



*Pyrrhocorax pyrrhocorax*

## Choia

.gal Córvido de tamaño medio con plumaxe negra brillante. Caracterízase por ter un pico alongado, curvo e de cor colorada. As patas tamén son vermellas, aínda que na mocidade teñen tonalidades amarelas e confúndense coa Choia de bico amarelo.

Viven en paredes rochosas con refuxio en cornisas de acantilados costeiros, montañas e incluso edificios xigantes de zonas urbanas.

## Chova piquirroja

.es Córvido de tamaño medio con plumaje negro brillante. Se caracteriza por tener un pico alargado, curvo y de color colorado. Las patas también son rojas, aunque en la juventud tienen tonalidades amarillas y se confunden con la Chova Pitigualda.

Viven en paredes rocosas con refugio en cornisas de acantilados costeros, montañas e incluso edificios gigantes de zonas urbanas.

## Cerceta

.gal É o máis pequeno dos patos. O macho destaca pola súa plumaxe nupcial: a cabeza é colorada cun antifaz verde delineado de amarelo. A popa é negra con manchas laterais amarelas. A femia é parduzca, igual que os mozos, e diferénciase do resto polo "espejuelo" verde.

Vive en pequenos humedais ricos en nutrientes, doces ou salgados, artificiais ou naturais. No período de reprodución prefire lagoas con boa cobertura vexetal.

## Cerceta común

.es Es el más pequeño de los patos. El macho destaca por su plumaje nupcial: la cabeza es colorada con un antifaz verde delineado de amarillo. La popa es negra con manchas laterales amarillas. La hembra es parduzca, igual que los machos, y se diferencian del resto por el «espejuelo» verde.

Vive en pequeños humedales ricos en nutrientes, dulces o salados, artificiales o naturales. En el periodo de reproducción prefiere lagunas con buena cobertura vegetal.

*Anas crecca*







*Troglodytes troglodytes*



## Carriza

.gal Ave de pequeno tamaño, aspecto compacto e cola moi curta. Cunha plumaxe parda encarnada, algo máis clara polas partes inferiores. Ten un carácter inquieto e cando está excitada levanta a cola 90 grados antes de desaparecer entre a vexetación.

Vive en ambientes húmidos con abundante vexetación de sotobosque.

## Chochín común

.es Ave de pequeño tamaño, aspecto compacto y cola muy corta. Con un plumaje pardo rojizo, algo más clara por las partes inferiores. Tiene un carácter inquieto y cuando está excitada levanta la cola 90 grados antes de desaparecer entre la vegetación

Vive en ambientes húmedos con abundante vegetación de sotobosque.

## Carrán cristado

.gal Ten o pico estreito e de cor negra coa punta amarela. As súas patas son curtas e negras. As partes superiores do corpo son de cor gris pálida e as inferiores brancas. Os adultos presentan na cabeza un casquete crestado en cor negra.

Especie mariña e litoral que nidifica en praias e illotes de deltas. Nidifica no chan entre vexetación baixa e pouco densa. Fóra da época de cría aparece ao longo do litoral, preferentemente en tramos de costa baixa.



*Sterna hirundo*

## Charrán patinegro

.es Tiene el pico estrecho y de color negro con punta amarilla. Sus patas son cortas y negras. Las partes superiores del cuerpo son de color gris pálido y las inferiores blancas. Los adultos presentan en la cabeza un casquete crestado en color negro.

Especie marina y litoral que nidifica en playas e islotes de deltas. Nidifica en el suelo entre vegetación baja y poco densa. Fuera de la época de cría aparece a lo largo del litoral, preferentemente en tramos de costa baja.

## Bilurico patirrubio

.gal Ave de tamaño medio coas patas de cor laranxa intenso, cun pico relativamente grande e de cor laranxa na base. En período nupcial presenta o dorso de cor marrón escura con estrías máis claras, o resto do ano a plumaxe é grisácea.

Ocupa hábitats acuáticos, interiores e costeiros, con certa cobertura vexetal, coma bordos de canles, marismas...

## Archibebe común

.es Ave de tamaño medio con las patas de color naranja intenso, con un pico relativamente grande y de color naranja en la base. En periodo nupcial presenta el dorso de color marrón oscuro, con estrías más claras. El resto del año el plumaje es grisáceo.

Ocupa hábitats acuáticos, interiores y costeros, con cierta cobertura vegetal, como bordes de canales, marismas...



*Tringa totanus*

## Andoriño real

.gal A súa plumaxe é escura en toda a zona dorsal e branca nas partes inferiores, agás a faixa peitoral parda.

Vive normalmente en zonas de acantilados, tanto mariños como de interior.

## Vencejo real

.es Su plumaje es oscuro en toda la zona dorsal y blanca en las partes inferiores, excepto la franja pectoral parda.

Vive normalmente en zonas de acantilados, tanto marinos como de interior.



*Tachymarptis melba*



.gal A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e a cidade da Coruña son, no seu conxunto, un dos destinos favoritos dos observadores de aves en Galicia.

Nos cantís da costa de Dexo-Serantes temos a colonia de Corvo mariño cristado máis nutrida do litoral continental ibérico.

Na ría do Burgo ou na praia de Sada é posible observar e fotografar no outono e no inverno multitude de aves acuáticas a moi pouca distancia.

Inverna ademais na ría de Betanzos e no encoro de Abegondo-Cecebre o aguia pescadora, e son comúns nos ríos especies tan emblemáticas como o Picapeixe ou o Merlo rieiro. Xunto a elas hai moitas máis. Algunhas permanecen aquí todo o ano. Outras, oriúndas do norte de Europa, fano só durante os meses máis fríos. Outras chegan desde África para estar connosco na primavera e no verán, e partir de regreso ao sur no outono.

A elas únense, na primavera e no outono, as que pasan por esta esquina ibérica durante as súas migracións. Por último, son numerosas as observacións de aves moi raras a nivel galego, peninsular e europeo. En argot paxareiro, denomínanse divagantes ou rarezas.

.es La Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas y la ciudad de A Coruña son, en su conjunto, uno de los destinos favoritos de los observadores de aves en Galicia.

En los acantilados de la costa de Dexo-Serantes tenemos la colonia de Cormorán moñudo más nutrida del litoral continental ibérico.

En la ría del Burgo o en la playa de Sada es posible observar y fotografiar en otoño y en invierno multitud de aves acuáticas a muy poca distancia.

Inverna además en la ría de Betanzos y en el embalse de Abegondo-Cecebre el águila pescadora, y son comunes en los ríos especies tan emblemáticas como el Martín pescador común o el Mirlo acuático europeo. Junto a ellas hay muchas más. Algunas permanecen aquí todo el año. Otras, oriundas del norte de Europa, lo hacen solo durante los meses más fríos. Otras llegan desde África para estar con nosotros en primavera y en verano, y partir de regreso al sur en otoño.

A ellas se unen, en primavera y en otoño, las que pasan por esta esquina ibérica durante sus migraciones. Por último, son numerosas las observaciones de aves muy raras a nivel gallego, peninsular y europeo. En argot pajarero, se denominan divagantes o rarezas.

GUÍA DE TURISMO ORNITOLÓXICO







## O Rexedoiro e costa de Arteixo

.gal O encoro do Rexedoiro en Sabón acolle unha interesante diversidade de aves acuáticas reprodutoras e invernantes. A presa está a poucos metros da praia de Alba, onde comeza a Zona de Especial Conservación (ZEC) "Costa da Morte". Este primeiro tramo ten unha variada sucesión de praias e acantilados moi interesante para a práctica da ornitoloxía mentres se percorre a "Senda Azul".

**INTERESE ORNITOLÓXICO**
As beiras do encoro están cheas de espadanas onde nidifican a galiñola e a galiñola negra. No inverno poden contarse nas súas augas máis de 200 aves acuáticas, entre as que destaca a presenza de lavancos, patos cristados, galiñolas negras, mergullóns pequenos e garzas reais. En total, detectáronse aquí máis de 180 especies de aves. Entre as praias de Alba e Barrañán, a "Senda Azul" percorre unha sucesión de áreas acantiladas sobre o océano.

**FENOLOXÍA**
Na primavera, cirrios, andoriñas e gaivotóns e as especies reprodutoras que aniñan entre as espadanas. No inverno crece o número de especies. No outono, con vento do noroeste, vense migracións de aves mariñas. Os ventos do leste, adoitan traer pequenos paxaros migrantes.

.es El embalse de O Rexedoiro en Sabón acoge una interesante diversidad de aves acuáticas reproductoras e invernantes. La presa está a pocos metros de la playa de Alba, donde comienza la Zona de Especial Conservación (ZEC) "Costa da Morte". Este primer tramo tiene una variada sucesión de playas y acantilados muy interesante para la práctica de la ornitología mientras se recorre la "Senda Azul".

**INTERÉS ORNITOLÓGICO**
Las orillas del embalse están llenas de espadañas donde nidifican la gallineta común y la focha común. En invierno pueden contarse más de 200 aves acuáticas, entre las que destaca la presencia de ánades azulones, porrones moñudos, fochas comunes, zampullines comunes y garzas reales. Se detectaron aquí más de 180 especies. Entre las playas de Alba y Barrañán, la "Senda Azul" recorre una sucesión de áreas acantiladas sobre el océano.

**FENOLOGÍA**
En primavera, vencejos, golondrinas y aviones y las especies reproductoras que anidan entre las espadañas. En invierno crece el número de especies. En otoño, con viento del noroeste, se ven migraciones de aves marinas. Los vientos del este, suelen traer pequeños pájaros migrantes.



## Costa de Dexo - Serantes

.gal Catalogada como Monumento Natural e Protexida pola Rede Natura 2000 da Unión Europea como Zona de Especial Conservación (ZEC), este tramo litoral acantilado situado entre as bocas das rías da Coruña e Ares-Betanzos é unha das zonas núcleo da Reserva de Biosfera, e unha das xoias naturais de Galicia que constitúe un espazo salvaxe único.

**INTERESE ORNITOLÓXICO**
Destaca a súa colonia de corvos mariños cristados, a máis nutrida da costa continental ibérica. Tamén a presenza dalgunhas especies reprodutoras escasas en Galicia, como choia, andoriñón real ou gralla pequena. Especies típicas das zonas acantiladas galegas, como falcón peregrino, lagarteiro, gaivota patiamarela, rabirrubio, corvo grande... Na illa da Marola cría o paíño pequeno. Nos campos, chasco, azulenta, papuxa do mato, carriza, xílgaro, liñaceiro, laverca común... Sobre o océano, mascato, carráns cristados, carolos, pardelas baleares e cincentas. No inverno, os cantís acollen un durmideiro de corvo mariño grande.

**FENOLOXÍA**
Convén percorrelo en todas as estacións, co fin de descubrir as diferentes aves que aparecen en cada unha delas.

.es Catalogada como Monumento Natural y Protegida por la Red Natura 2000 de la Unión Europea como Zona de Especial Conservación (ZEC), este tramo litoral acantilado situado entre las bocas de las rías de A Coruña y Ares-Betanzos es una de las zonas núcleo de la Reserva de Biosfera, y una de las joyas naturales de Galicia que constituye un espacio salvaje único.

**INTERÉS ORNITOLÓGICO**
Destaca su colonia de cormoranes moñudos, la más nutrida de la costa continental ibérica. También la presencia de algunas especies reproductoras escasas en Galicia, como chova piquirroja, vencejo real o grajilla. Especies típicas de las zonas acantiladas gallegas, como halcón peregrino, cernícalo vulgar, gaviota patiamarilla, colirrojo tizón, cuervo grande... En la isla de la Marola cría el paíño pequeño. En los campos, tarabilla común, acentor común, curruca rabilarga, chochín común, jilguero, pardillo vulgar, alondra común... Sobre el océano, alcatraces, charranes patinegros, alcas, pardelas baleares y cenicientas. En invierno, los acantilados acogen un dormidero de cormorán grande.

**FENOLOGÍA**
Conviene recorrerlo en todas las estaciones, con el fin de descubrir las diferentes aves que aparecen en cada una de ellas.



## Ría do Burgo

**.gal** Orientada de sur a norte e formada pola desembocadura do río Mero, toma o seu nome da parroquia do mesmo nome, en Culleredo. De escasa profundidade, os seus fondos son limosos e areentos, nalgúns recunchos cubertos por manchas de marisma ás que acoden moitas aves acuáticas a descansar en preamar.

**INTERESE ORNITOLÓXICO**
De enorme atractivo sobre todo para a observación de aves litorais, tanto pola diversidade de especies (é posible observar varias decenas nun paseo) como pola posibilidade de telas moi preto. A súa contorna axardinada e urbanizada acolle ademais unha nutrida comunidade de aves típicas deste tipo de medios.

**FENOLOXÍA**
Os meses con maior variedade e abundancia de especies son os de outono e inverno, ata mediados da primavera.

**.es** Orientada de sur a norte y formada por la desembocadura del río Mero, toma su nombre de la parroquia del mismo nombre, en Culleredo. De escasa profundidad, sus fondos son limosos y arenosos, en algunos rincones cubiertos por manchas de marisma a las que acuden muchas aves acuáticas a descansar en pleamar.

**INTERÉS ORNITOLÓGICO**
De enorme atractivo sobre todo para la observación de aves litorales, tanto por la diversidad de especies (es posible observar varias decenas en un paseo) como por la posibilidad de tenerlas muy cerca. Su entorno ajardinado y urbanizado acoge además una nutrida comunidad de aves típicas de este tipo de medios.

**FENOLOGÍA**
Los meses con mayor variedad y abundancia de especies son los de otoño e invierno, hasta mediados de primavera.



## Paseo fluvial do río Mero

**.gal** Desde a presa do encoro de Abegondo-Cecebre ata a súa desembocadura na ría do Burgo, é posible percorrer as dúas beiras do río Mero por sendeiros case sempre á sombra dun bosque de ribeira moi ben conservado. O percorrido completo, de 10 km, pode facerse tanto a pé como en bicicleta BBT.

**INTERESE ORNITOLÓXICO**
O bosque de ribeira composto sobre todo por ameneiros e salgueiros, acolle unha interesante comunidade de paxaros que inclúe papuxa das amoras, carriza, picafollas europeo (no inverno) e ibérico (na primavera e no verán), ferreiriños azuis, mitos, ferreiriños reais, rapaces como miñato ou gabián, no verán rula… Preto do muíño de Peiraio é posible ver merlo rieiro. Tamén cerca da auga, lavandeira real, lavanco e garza real.

**FENOLOXÍA**
Calquera momento do ano é ideal. Na primavera e a primeira hora do día, a combinación do murmurio da corrente e os cantos nupciais das aves resulta moi especial.

**.es** Desde la presa del embalse de Abegondo-Cecebre hasta su desembocadura en la ría de O Burgo, es posible recorrer las dos orillas del río Mero por senderos casi siempre a la sombra de un bosque de ribera muy bien conservado. El recorrido completo, de 10 km, puede hacerse tanto a pie como en bicicleta BBT.

**INTERÉS ORNITOLÓGICO**
El bosque de ribera compuesto sobre todo por alisos y sauces, acoge una interesante comunidad de pájaros que incluye curruca capirotada, chochín común, mosquiteros común (en invierno) e ibérico (en primavera y verano), herrerillos, mitos, carboneros, rapaces como busardo ratonero o gavilán, en verano tórtola común… Cerca del molino de Peiraio es posible ver mirlo acuático. También cerca del agua, lavandera cascadeña, ánade azulón y garza real.

**FENOLOGÍA**
Cualquier momento del año es ideal. En primavera y a primera hora del día, la combinación del susurro de la corriente y los cantos nupciales de las aves resulta muy especial.







## Muíños Costa da Égoa

**.gal** Escondida no fermoso val de Barcia, este roteiro percorre un carreiro que pasa xunto ao Eco-Museo Costa da Égoa, con catorce muíños e unha pequena central hidroeléctrica, conxunto declarado Espazo de Interese Local (ENIL). A beiras do saltarín río Abelleira, poderás observar as aves deste ecosistema fluvial.

**INTERESE ORNITOLÓXICO**
Poderás ver e escoitar o merlo rieiro, a lavandeira real, páridos como ferreiriño rabilongo, ferreiriño azul, ferreiriño real e negro, así como outras especies como carriza, picafollas europeo (no inverno) e ibérico (na primavera e no verán), cardeal, tordo común… Sobre as copas das árbores, permanece atento á presenza de miñato e, na primavera e no verán, millafre negro e abelleiro europeo. Tamén nesta época, pero xa pola noite, é doado escoitar avenoiteira cincenta.

